



PROXECTO DE ORDE de 2016, pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2017.

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, contempla a explotación dos recursos específicos, que se definen como aquelas especies marisqueiras que polas súas características biolóxicas, pola súa técnica de extracción ou polas especificidades da súa comercialización requiren un sistema de xestión que atenda estas particularidades

O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a explotación dos recursos específicos realizárase a través de plans de xestión aprobados pola consellería competente en materia de marisqueo

A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese o réxime necesario para que a explotación marisqueira destes recursos se realice durante todo o ano coas garantías dunha boa xestión do recurso.

Os plans de xestión son a ferramenta para unha explotación sostible e conservación dos recursos mariños que integran aspectos biolóxicos, sociais e económicos. A través dos plans desenvólvese o sistema de coxestión dos recursos marisqueiros entre a administración e o sector.

As entidades asociativas presentan a súa proposta de plans de xestión, na que adquiren importancia non só ás medidas técnicas para unha explotación sostible, senón tamén as actividades de semicultivo, control e vixilancia, elementos fundamentais para a mellora das zonas produtivas. A administración avalía o réxime de xestión da explotación dos recursos tendo en conta as variables biolóxicas e o estado dos stocks, así como as variables socioeconómicas da xestión e, se procede, introduce as melloras necesarias, co fin de asegurar unha explotación sostible e acadar unha maior rendibilidade económica

Os plans de xestión son o resultado dun estudo continuado da evolución dos recursos e do hábitat. Moitos dos traballos realizados para a elaboración e desenvolvemento dos plans de xestión achegan información que pode ser encadrada nos descritores e indicadores definidos pola Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña (DMEM) como criterios para definir o bo estado medioambiental.

A partires do ano 2017 os plans de xestión incorporarán información estandarizada que pode encadrarse nos descritores 1, 2, 3, 6 e 10 da DMEM. Os resultados da información ambiental do plan de xestión recollida ao longo de toda a costa galega para ser tratada como descritora do estado dos recursos mariños e do medio mariño, confírenlle un gran potencial debido á súa extensión no espazo e á súa continuidade no tempo.



Polo tanto, examinados os plans de xestión remitidos polas entidades, vistos os informes emitidos polos técnicos desta consellería, e de conformidade coa disposto na Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta Orde ten por obxecto aprobar os plans de xestión para recursos específicos para o ano 2017 que foron elaborados polas entidades asociativas do sector.

Artigo 2. *Percebe (*Pollicipes pollicipes*)*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017 para a extracción de percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A.

Artigo 3. *Solénidos (*navalla/ longueirón/ longueirón vello*)*

1. Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017, para a extracción de solénidos presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro B.

2. Cando a extracción da navalla/longueirón/longueirón vello se vaia realizar con mergullo con subministro de aire dende superficie, será necesario que as entidades titulares dos plans presenten con cada solicitude de apertura mensual, un plan de control que permita avaliar os medios e medidas empregadas para garantir o control do esforzo pesqueiro en cada momento e poñerlle límite, de ser o caso.

A autorización de apertura mensual queda supeditada á adecuación e efectividade das medidas de control propostas.

Artigo 4. *Equinodermos*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017, para a extracción de equinodermos, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro C.

Artigo 5. *Peneira*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017, para a extracción de peneira, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro D.

Artigo 6. *Algas*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017, para a extracción de algas, presentados polas entidades asociativas do sector e empresas, que se relacionan no cadro E.



Artigo 7. *Anemones*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017, para a extracción de anemones presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro F.

Artigo 8. *Poliquetos*

Apróbanse os plans de xestión para o ano 2017, para a extracción de poliquetos presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro G.

Disposición adicional primeira. *Zonas de traballo dos sectores de a pé e desde embarcación*

Se non existe acordo de reparto da zona de traballo entre os sectores de marisqueo a pé e desde embarcación, as zonas dos dous sectores quedarán delimitadas pola liña que une os puntos de cota mareal cero, correspondente coa liña da baixamar máxima escorada.

Disposición adicional segunda. *Tope de captura para o gabián (*Lumbrineris impatiens*)*

Cando os topes de captura para o gabián (*Lumbrineris impatiens*) se establezan mediante unha medida volumétrica empregando un vaso graduado, os participantes do plan empregarán o mesmo tipo de medida.

Disposición adicional terceira. *O emprego do mergullo nos plans de xestión*

Segundo a Orde do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional, modificada pola Orde do 13 de xuño de 2001, a aprobación dos plans con arte ou modalidade mergullo implica a autorización para realizar o mergullo nas zonas e períodos de vixencia daqueles, segundo as resolucións de apertura que sexan ditadas pola xefatura territorial, sen prexuízo da correspondente aprobación para efectos de seguranza, outorgada pola autoridade marítima correspondente, de acordo co establecido na Orde do 14 de outubro de 1997, do Ministerio de Fomento, que establece as normas de seguranza para o exercicio de actividades subacuáticas ou requisitos que estableza a normativa vixente.

Disposición adicional cuarta. *Zonas de extracción de poliquetos por titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie*

Dentro do ámbito dos plans de xestión de poliquetos marisqueira poden contemplarse zonas para que os titulares de licenza de pesca marítima de recreo en superficie podan capturar un máximo de 50 poliquetos/día, sen interferir coa actividade extractiva.

Na páxina web <http://www.xunta.es.mar> publicaranse as zonas que as entidades asociativas do sector titulares de plans de xestión, de ser o caso, reservarán para a extracción de poliquetos para pesca marítima de recreo en superficie.



Disposición derradeira primeira. *Consulta dos plans de xestión*

Os plans de xestión presentados polas entidades que serviron de base para esta Orde estarán dispoñibles nos servizos centrais, xefaturas territoriais correspondentes da Consellería do Mar, así como na sede das entidades responsables destes.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase á persoa titular da dirección xeral competente en materia de marisqueo para o desenvolvemento desta orde e que, co obxecto da mellora da xestión dos recursos e na procura dunha explotación sostible destes, adopte as medidas de xestión necesarias en función do estado dos recursos e dos informes emitidos polos técnicos.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta Orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,
Rosa M^a Quintana Carballo

Conselleira do Mar

CADRO A: PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)

PROVINCIA DE LUGO					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. San Cosme	A pé	De punta Promontorio a punta Nois	30	Marzo, abril, de xuño a outubro e decembro	Saída de punta Promontorio e praia de Rapadoira
C.P. Burela	Embarc	Ambito territorial da confraría: de punta Rueta a punta Nois	40	De maio a agosto	Aparcamento de cabo Burela, aparcamento da praia de Ril, aparcamento da praia de Marosa, punta do Castro
C.P. Celeiro	A pé Embarc	Da ermida de San Tirso a punta Cabalo, incluíndo os illotes Os Netos e illa Gabeira	70	Abril, de xuño a setembro e decembro	Lonxa de Celeiro e peirao de Portocelo
C.P. O Vicedo	Embarc	Dende a marxe esquerda do río Escourido á marxe dereita do río Sor e illa Coelleira	80	De abril a setembro e decembro	Lonxa do Vicedo
C.P. Ribadeo	A pé	De punta Promontorio ás Carallas	80	De marzo a outubro e decembro	As Pudias, punta Corbeira, área recreativa Areosa-Piñeira
C.P. San Cibrao	A pé Embarc	De ermida San Tirso a punta Rueta (incluíndo as Illas de Cal, Ansarón e Farallóns)	90	De febreiro a abril e xuño a decembro	Portos de Morás, Portocelo
PROVINCIA DE A CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña, Mera, Lorbé e Sada e Ares (plan conxunto)	A pé Embarc	Ambito territorial das confrarías da Coruña, Mera, Lorbé, Sada e Ares	144	De xaneiro a decembro	Casa dos Peixes e dársena de Oza
C.P. Aguiño	A pé Embarc	Dende punta Castro ata a desembocadura do río Sieira, illas e illotes adxacentes	201	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo; peiraos de Aguiño, faro de Corrubedo, praia da Recabeira e lonxa de Aguiño, Couso

CADRO A: PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Caión	A pé Embarc	De punta Alba a Pedra do Sal	160	De xaneiro a decembro	Lonxa de Caión
C.P. Camariñas	Embarc	De punta Gallada a punta Villueira	160	De xaneiro a decembro	Arnela e lonxa de Camariñas
C.P. Camelle	Embarc	De punta Morelo a punta Gallada, incluíndo illas e illotes fronte á costa	146	De xaneiro a decembro	Porto de Ríos, cemiterio dos ingleses, porto da Lagoa, porto de Camelle, Arnado, canle de Cabanas e praia de Lobeiras
C.P. Cariño	Embarc	De Pedra Barcelona ata a desembocadura do río Mera	132	De xaneiro a decembro	Local da lonxa de Cariño
C.P. Cedeira	Embarc	Do faro da punta da Frouxeira ata Pedra Barcelona	180	De xaneiro a decembro	Lonxa de Cedeira
C.P. Corme	A pé Embarc	Da enseada do río Anllóns á punta Nariga	160	De xaneiro a decembro	Zona A: praia da Ermida, praia de Balarés e camiño do Canteiro; zona B: merendeiro e cruce da Atalaia; zona C: merendeiro, aldea do Roncudo e mirador do Roncudo; zona D: aldea do Roncudo, os Eolos e a Fontenla; zona E: praia da Barda, Santa Mariña, a Fontenla e punta Nariga; porto de Corme e praia de Barda para as embarcacións
C.P. Espasante	Embarc	De illa San Vicente ata punta Billardeira	172	De xaneiro a abril e de xuño a decembro	Peirao de Espasante, O Tallo, Cadaval e Furnas
C.P. Ferrol	A pé Embarc	De faro de punta Frouxeira ata a Faisca	175	De xaneiro a decembro	Lonxa de Ferrol, punta Penencia, Lobadiz, A Cova e praia dos Botes.

CADRO A: PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Fisterra	A pé Embarc	Da praia de Nemiña ata cabo Fisterra, illas Lobeiras e Carrumeiros	A pé: 160 Emb: 180	De xaneiro a decembro	A pé: Zona A: cabo Fisterra; zona B: alto da Nave; zona C: praia da Arnela Embarcación: embarcación de vixilancia e pantalán do peirao de Fisterra
C.P. Laxe	A pé Embarc	De punta Morelo a punta Padrón	90	De xaneiro a outubro e decembro	Zona de extracción e lonxa de Laxe
C.P. Lira	A pé	De punta Insua ata a desembocadura do río Larada	40	De xaneiro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Lira	Embarc	De punta Insua ata a desembocadura do río Larada	82	De xaneiro a decembro	Lonxa de Lira
C.P. Malpica	A pé Embarc	De punta Nariga a Pedra do Sal, incluíndo Illas Sisargas, baixos de Baldaio e demais illas e illotes fronte á costa en tres millas.	165	xaneiro a abril e de xuño a decembro.	Embarcación de vixilancia e lonxa de Malpica
C.P. Muros	A pé	De punta Insua a punta Uhía	80	De xaneiro a decembro	Peirao de Muros
C.P. Muxía	A pé Embarc	De punta Piaduiro, marxe esquerda da desembocadura do río Grande, ata punta Nemiña, marxe dereita da desembocadura do río Castro (incluíndo illas e illotes)	155	De xaneiro a decembro	A pé: Zona A: saída da pista de Moreira Zona B: campo de Carlos Zona C: A Barca Embarcacións: rampla do peirao de Muxía
C.P. O Barqueiro-Bares	Embarc	De punta Villardeira a punta da Barra	144	De marzo a decembro	Peiraos do Barqueiro e de Bares, o Ventoeiro
C.P. O Pindo	A pé	Da desembocadura do río Xallas á desembocadura do río Larada e pedras adxacentes	40	De xaneiro a decembro	Portiño de Quilmas, Insuela e punta Caldebarcos

CADRO A: PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Porto do Son	A pé Embarc	De río Sieira a punta Cabeiro, illotes Os Bruyos, Leixoes e Pedra do Con	152	De xaneiro a decembro	Zonas 1 e 2: furna de Laxe, Zona 3: punta Castro, Zona 4 : punta Sagrada Zonas 5 e 6: peirao pesqueiro de Porto do Son
C.P. Ribeira	Embarc	illas e illotes Laxas e Pías de Castiñeira, Airós, Rúa, Carabancelo, Xidoiro Pedregoso, Corbeiros e Lobeiras	30	De xaneiro a decembro	Embarcación de vixilancia da confraría nas zonas de extracción e lonxa de Ribeira
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	140	De xaneiro a decembro	Zona A: Capela de San Sebastián, Horizonte (en caso de mal tempo) e lonxa da Guarda Zona B e zona C: Horizonte e lonxa da Guarda.
C.P. A Guarda	Embarcación	De punta Orelludas a punta dos Picos	100	De xaneiro a decembro	Peirao de Oia e peirao de A Guarda: zonas A e B Peirao do porto da Guarda: zonas A,B,C, D
C.P. Aldán-Hio	A pé	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	15	Xaneiro, de xullo a setembro e decembro	Zona de extracción e lonxa de Aldán
C.P. Baiona	A pé Embarcación	De punta Orelludas a monte Ferro (punta Lameda), incluíndo as illas Estelas, Farallóns e Lourido	150	De xaneiro a decembro	A pé: zona I: Salgueira; zona II: porto do Castro; zona III: Pedra Rubia Dende embarcación: embarcación da confraría e lonxa de Baiona

CADRO A: PLANS DE XESTIÓN DE PERCEBE (*Pollicipes pollicipes*)

PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Bueu	Embarcación	De punta Lapamán a punta Morcegos. Illas Ons e Onza	160	De xaneiro a decembro	Area 1-N (Xubenco norte): cova da Vella e arredor do Centolo (segundo vento/mar); Area 1-S (Xubenco sur): enseada Bastián de Val; Area 2 (Fedorentos): enseadas de Fedorentos, Cova do Inferno, punta Freitoxa e enseada de Caniveliñas; Area 3 (Onza): praia sur de Onza, praia norte de Onza, zona oeste de Onza e zona leste de Onza; Area 4-N (Liñeiros norte): abrigo do Estripeiral, saída do intermareal ou arriba no cruce dos camiños; Area 4-C (Liñeiros centro): ao abrigo do Estripeiral, ao abrigo de Liñeiros, á saída do intermareal ou arriba no cruce dos camiños; Area 4-S (Liñeiros sur): enseada de Caniveliñas, á saída do intermareal ou arriba no cruce dos camiños; Area 5 (leste de Ons): peirao de Ons; Area 6(Udra): praia de Lagos, Udra/Ancoradoiro, Udra/Mourisca
C.P. Cangas	Embarcación	De punta Couso a punta Canaval e illas Cíes	160	De xaneiro a decembro	Zona de traballo e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	A pé Embarcación	De punta Area Grande a punta Faxilda	80	De xaneiro a decembro, cunha veda do 1 ao 24 de setembro e do 14 de outubro ao 30 de novembro.	Zona de extracción e lonxa de O Grove
C.P. Vigo	A pé	De punta Cubilló a punta de Serra	40	De xaneiro a decembro	Zona de traballo e lonxas de Canido e Vigo

(1) Entidade:

Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadoras
C.P.	Confraría de pescadores

CADRO B: PLANS DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS
(Navalla, longueirón e longueirón vello)
(*Ensis magnus*, *Ensis siliqua*; *Solen marginatus*)

PROVINCIA DA CORUÑA						
Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Pobra do Caramiñal	N	MA MSAS	De punta Galduario a punta Corna, arrecife de Aroñe e de punta Galduario a punta Peralto	160	De xaneiro a decembro	Zona de extracción
C.P. Aguiño	N, Lon	MA	Zonas de autorización	185	De xaneiro a decembro	Zona de extracción, peiraos de Aguiño, Ribeira e O Castro.
C.P. Aguiño e Ribeira (plan conxunto)	N, Lon	MA, MSAS	Praia da Ladeira e zonas de libre marisqueo adxacentes ao ámbito dos plans das autorizacións das dúas confrarías	38	De abril a setembro	Zonas de traballo e peiraos de Aguiño, Ribeira e O Castro.
C.P. Cabo de Cruz	N	MA	De punta Peralto ata punta Pedra Rubia	70	De abril a setembro e decembro	Embarcación de vixilancia na zona de traballo
C.P. Camariñas e Muxía (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	De punta Sandia á desembocadura do río Lago: praias de Lago e de Barreira e infralitoral entre a praia de Barreira e punta Sandía. Enseada de Merexo: praias de Area Maior, Loureiro e de Borreiros. Praia da Cruz. Por fóra da praia de Mozogondón. Centro da ría que se estende ata a zona fronte á praia de Barreira e desembocadura do río Grande de ponte do Porto	120	De xaneiro a decembro	Zona de extracción e lonxas de Camariñas e Muxia.
C.P. Fisterra, Corcubión e Lira (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	Zona V: de cabo Touriñán a punta Insua	235 Praia de Carnota: 60	De xaneiro a decembro	Nas zonas de extracción e nos peiraos e lonxas de Fisterra, Corcubión e Lira

CADRO B: PLANS DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS

PROVINCIA DA CORUÑA						
Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Laxe e Corme (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	Praia de Laxe, praia da Hermida, praia de Osmo, banco Riocobo e praia de Rebordelo. De Alto da Facha a punta Cantero e do Alto da Facha a punta Menduiña	75	De maio a setembro	Zona de extracción, lonxas de Corme e Laxe
C.P. Muros	N, Lon	MA MSAS	De punta Insua a punta Uhía	246	De xaneiro a decembro	Zonas de extracción e lonxas de Muros e Esteiro
C.P. Noia	N, Lon, LonV	MA MSAS	Na costa norte, dende punta Uhía ata porto Siavo, incluíndo a cara interna da illa da Creba e exceptuando a zona portuaria, a zona dos asteleiros e a canle de navegación. Na costa sur, desde punta Batuda ata punta Redondelo.	140	De xaneiro a decembro	Na zona de traballo
C.P. Palmeira	N, Lon	MA	Punta Aguiúncho, illote de Grades e punta da Corna	150	De xaneiro a decembro	Nave da confraría no porto de Palmeira
C.P. Porto do Son e Portosín, (plan conxunto)	N, Lon, LonV	MA MSAS	De punta Batuda a río Sieira	150	De xaneiro a decembro	Peiraos de Porto do Son e Portosín e zonas de extracción
C.P. Ribeira	N, Lon	MA	Zonas de autorización: bancos de Coroso-Río Grande-Río Azor, Insua-Airó e Castiñeiras	130	De marzo a decembro	Zona de extracción (Coroso,Touro) e lonxa de Ribeira

CADRO B: PLANS DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Illa de Arousa	N, LonV	MA MSAS	Dende Sapeiras de Terra ata punta Quilme, Areoso, Camallón, Roncadeiras, punta Testos, punta Niño do Corvo, Area Secada e punta Cabalo	230	De xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos entre febreiro e xuño, en función estado gonadal para a navalla e dun mes para o longueirón vello entre abril e xuño	Con Cerrado, Arnela, Roncadeiras, Areoso, O Bao e lonxa da Illa de Arousa
C.P. Aldán-Hío	N, Lon	MA MSAS	De punta Alada a punta Morcegos cara ao interior da ría	208	De xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos en función do índice de condición gonadal	Area Brava, Punta Ameixide, Vilariño, Pena Rubia, Menduiña e Laxe do Aire mediante embarcación e lonxa de Aldán
C.P. Baiona	N, Lon	MA MSAS	De puntal da Serra a punta do Boi	90	De xaneiro a decembro, cunha veda para a navalla de dous meses e vinte días consecutivos entre xaneiro e marzo, e para o longueirón nos meses de maio e xuño	Zona de traballo e lonxa de Baiona
C.P. Bueu, Lourizán, Marín, Pontevedra, Portonovo, Raxó, Sanxenxo (plan conxunto)	N, Lon, LonV	MA MSAS	De punta Faxilda a punta Morcegos, illas Ons e Onza	N: 228 L: 21	N: de xaneiro a decembro, con rotación de bancos e cunha veda dun mes segundo o estado gonadal.	Zona de traballo mediante embarcación

CADRO B: PLANS DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Cambados	N	MA MSAS	Do Rego do Alcalde (Lañeiras de Fóra) á baliza de Orido, Arneta-Galiñeiro, Tragove, Tereixiñas e As Lobeiras	132	De maio a outubro	Embarcación da confraría, batea de control e lonxa de Tragove
C.P. Cangas	N, Lon	MA MSAS	De punta Canabal a punta Couso e illas Cíes	240	De xaneiro a decembro con rotación de bancos.	Embarcación na zona de produción, porto de atraque e lonxa de Cangas
C.P. Moaña e Cíes Artesanais, S. Coop.Galega (plan conxunto)	N	MA MSAS	De Rande a petóns de Canabal (excluíndo a zona que vai dende Rande ata punta Travesada)	190	De xaneiro a decembro, cunha veda de dous meses consecutivos entre xaneiro e maio	Zona de traballo
C.P. Moaña. Cíes Artesanais, SCG, C.P. Redondela e Vilaboa (plan conxunto)	N	MA MSAS	Dende Rande a punta Travesada	20	Xaneiro a decembro	Na zona de traballo e nas lonxas de Vilaboa, Redondela e Moaña
C.P. O Grove	N, Lon	MA MSAS	Enseada da Lanzada (praia da Lanzada, praia de Area da Cruz e Raeiros), praia da Mexilloeira, praia Area Grande, Carreiro-Barcelas, praia Area das Pipas, praia Area de Reboredo, Lombo de Rons-Migalliñas, Lombo das Sinas, enseada do Grove	250	De xaneiro a decembro, con rotación de zonas e veda en zonas explotación	Embarcación de vixilancia, peiraos de Meloxo, San Vicente, A Toxa e do Grove e lonxa do Grove

CADRO B: PLANS DE XESTIÓN DE SOLÉNIDOS

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Redondela, Vilaboa (plan conxunto)	N	MA MSAS	De punta Travesada ata o peirao de San Adrán de Cobres e dende a ponte de Rande ata punta Pías	50	Xuño, xullo, agosto e decembro	Zonas de traballo e lonxas de Vilaboa e Redondela
C.P. Vigo	N, Lon	MA MSAS	De puntal da Serra á ponte de Rande	N: 205 L: 55	Navalla: de xaneiro a decembro, cunha veda nos meses de febreiro e marzo. Longueirón: febreiro, marzo e de xuño a setembro, cunha veda de 2 meses consecutivos entre marzo e xuño	Zona de traballo e lonxas de Canido e Vigo
C.P. Vilanova	N, LonV	MA	Entre o peirao de Corón e O Ariño	250	De xaneiro a decembro, cunha veda para a navalla en función do índice de condición gonadal	Zona de traballo e lonxa de Vilanova

(1) Entidade		(2) Especies			
Abreviatura		Abreviatura	Nome comercial	Nome científico	
A.M	Asociación de mariscadoras	N	Navalla	<i>Ensis magnus</i>	
C.P.	Confraría de pescadores	Lon	Longueirón	<i>Ensis siliqua</i>	
		LonV	Longueirón vello	<i>Solen marginatus</i>	
(3) Modalidade					
Abreviatura					
MA	Mergullo en apnea				
MSAS	Mergullo con subministro de aire dende superficie				

CADRO C: PLANS DE XESTIÓN DE EQUINODERMOS

PROVINCIA DE LUGO					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
Asociación de recolectores submariños da Mariña	MSAS	Zonas marítimas dende Punta Pena Furada ata As Carrallas, agás: a zona interna entre a punta do dique norte do porto de Alcoa e o faro de San Cibrao, Os Muiñelos, Os Castelos da praia de San Román, a cetarea de San Cibrao, Calvella en Burela, Punta Promontorio en San Cosme, Celeiros en Ribadeo.	60	De xaneiro a abril e Novembro e decembro	Lonxas do Vicedo, Celeiro, Burela e Ribadeo e nas zonas de traballo.
C.P. Celeiro	A pé	Dende a ermida de San Tirso a punta do Cabalo	10	De xaneiro a abril e decembro	Saídas dos bancos do Rego e Arnela.
C.P. San Cibrao, Ribadeo, Burela e A.M. San Cosme	A pé	Dende Ermita de San Tirso ata as Carallas	47	De xaneiro a abril	Ribadeo: As Pudias, Área recreativa Areosa-Piñeira e Punta Corbeira. Burela: Lonxa de Burela San Cibrao: Portos de Morás e Portocelo San Cosme: saída dos bancos
PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña e Barallobre (plan conxunto)	MSAS	De punta Langosteira a punta Segao	50	De xaneiro a abril e decembro	Lonxas da Coruña, Mugardos e Barallobre, portos de Lorbé, Mera, Portiño e Ares e dársena de Oza

CADRO C: PLANS DE XESTIÓN DE EQUINODERMOS

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Aguiño e Ribeira (plan conxunto)	MA MSAS Bicheiro	Illa de Sálvora, costa e illotes adxacentes, agás determinadas zonas. De punta Falcoeiro ata río Sieira, incluíndo illotes adxacentes (Falcoeiro, Basoñas e outros)	47	De xaneiro a abril	Peirao de Aguiño (rampla anexa á nave de clasificación de percebe), peirao de Ribeira (bocana da dársena portuaria), lancha de vixilancia nas zonas de traballo. En condicións meteorolóxicas adversas: peirao de Ribeira e peirao do Castro.
C.P. Espasante	A pé	De illa San Vicente ata punta Vilardeira	8	De xaneiro a abril	Peirao de Espasante e Ortigueira
C.P. Ferrol	MSAS	De faro de punta Frouxeira ata a ponte da Faísca	50	De xaneiro a abril, novembro, decembro	Peirao de Ferrol e O Portiño
C.P. Lira	A pé	De punta Insua á desembocadura do río Larada	25	De xaneiro a abril, novembro e decembro	Lonxa de Lira
C.P. Lira, Fisterra e Corcubión (plan conxunto)	MA MSAS	Zona V: de cabo Touriñán a punta Insua	70 Ámbito da reserva: 50	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Peiraos e lonxas de Lira, Fisterra e Corcubión e nas zonas de traballo Ámbito da reserva: rampa norte do peirao de Lira e nas zonas de traballo
C.P. Malpica, Corme, Laxe, Camelle, Camariñas (plan conxunto)	MSAS	Zona VI: de cabo Touriñán a punta Langosteira	30	De xaneiro a abril	Lonxas de Muxía, Camariñas, Camelle, Laxe, Corme e Malpica
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	45	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Porto de Oia, Horizonte, lonxa da Guarda e A Grelo
C.P. A Guarda	MSAS	De punta Orelludas a punta dos Picos (zona marítima)	80	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Peiraos da Guarda e de Santa María de Oia

CADRO C: PLANS DE XESTIÓN DE EQUINODERMOS

PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Aldán	MA MSAS	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	30 (ourizo) 13 (holoturia)	De xaneiro a marzo De outubro a decembro	Embarcación de vixilancia. Punta Alada e Punta Niño do Corvo. Lonxa de Aldán
C.P. Baiona	A pé MSAS	De punta Orelluda a praia da Abra (excluída), incluíndo as illas Estelas	A pé: 60 MSAS: 120	De xaneiro a abril e de outubro a decembro	Lonxa de Baiona
C.P. Bueu, Portonovo e Sanxenxo (plan conxunto)	MSAS	De punta Faxilda a punta Centolo, de punta Galera a punta Couso, de punta Couso a punta Morcegos e illas Ons e Onza	100	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Lonxas de Bueu e de Portonovo
C.P. Cangas	MA MSAS	Entre punta Canabal e punta Couso, illas Cíes	125	De xaneiro a abril De outubro a decembro	Zona de extracción e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	MSAS	De punta Faxilda (agás A Lanzada) a punta Moreira, de praia de Con Roibo a peirao do Grove, Pedras Salvores, Baixos dos Mezos e dos Esqueiros	65 (ourizo) e 50 (holoturia)	Xaneiro a xuño e de outubro a decembro	Porto de San Vicente, do porto de Meloxo, lonxa do Grove e embarcación de vixilancia
C.P. Vigo	MA MSAS	De Rande á praia de Abra (esta última excluída)	83	De xaneiro a marzo De outubro a decembro	Zona de traballo, Lonxas de Canido e Vigo

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministro de aire dende superficie

CADRO D: PLANS DE XESTIÓN DE PENEIRA (*Haliotis tuberculata*)

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Fisterra, Corcubión e Lira (plan conxunto)	MA MSAS	De cabo Touriñán a punta Insua, excepto a zona incluída na reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos	40	Xaneiro, maio e de setembro a novembro	Zona de produción e peiraos e lonxas de Corcubión, Fisterra e Lira
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Illa de Arousa	MA MSAS	De punta Salinas a punta Quilme, Areoso, Camallón, punta Testos, punta Niño do Corvo, Area Secada e punta Cabalo.	50	De xaneiro a marzo, novembro e decembro	Areoso, Arnela, Roncadeiras e lonxa da Illa de Arousa
C.P. Aldán-Hío	MA MSAS	De punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán	60	De xaneiro a maio e de outubro a decembro	Na embarcación de vixilancia en punta Alada e punta Niño do Corvo. Lonxa de Aldán
C.P. Bueu, Lourizán, Marín, Pontevedra, Portonovo, Raxó, Sanxenxo (plan conxunto)	MA MSAS	No norte da ría: de punta Faxilda a punta Aguillóns, illa de Tambo (con Corbeiro). Illas Ons e Onza. No sur da ría: do faro sur da illa de Tambo á esquina oeste da Escola Naval de Marín e ata punta Morcegos	60	De xaneiro a marzo, De outubro a decembro	Zona de produción e lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo
C.P. Cangas	MA MSAS	Zona sublitoral rochosa entre punta Canabal e punta Couso, incluíndo illas Cíes (agás de cabo Bicos a punta Cabaliños)	50	De xaneiro a xullo, De outubro a decembro	Zona de traballo e rampa da lonxa de Cangas

CADRO D: PLANS DE XESTIÓN DE PENEIRA (*Haliotis tuberculata*)

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministro de aire dende superficie

CADRO E: PLANS DE XESTIÓN DE ALGAS

LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
Algamar, SL	A pé	De Rinlo a O Barqueiro, de punta Insua a punta Uhia, de Aguiño a punta do Chazo (Cabo de Cruz), de Moaña a Cabo Home (agás de praia Canabal a punta Couso), de Cabo Silleiro a A Guarda.	180	De xaneiro a outubro e decembro	Zona de extracción
Ceamsa, SL	A pé	De Ribadeo a Viveiro, de O Pindo a Ribeira, de Corme a Muxia, de Espasante a Ferrol, O Grove, Bueu, de Monteferro a A Guarda	96	De marzo a outubro	Zona de extracción
Conservas Mar de Ardora, S.L	A pé	De cabo Corrubedo a punta Lens (agás de punta Insua a punta Uhía), de punta Lens a cabo Touriñán (agás de punta Arnela á desembocadura do río Xallas e ámbito da Remip Os Miñarzos). De cabo Touriñán a punta Queimada (agás de punta Xanleira ata punta Gallada), de punta Lapachán a punta Torella, de punta Torella a punta Frouxeira, de punta Frouxeira a punta Fuciño do Porco (agás ámbito da Remip Ría de Cedeira) e de punta Fuciño do Porco a punta de Penas Brancas	100	De xaneiro a decembro	Instalacións da empresa

CADRO E: PLANS DE XESTIÓN DE ALGAS

LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
Porto-Muiños S.L	A pé	De punta Penas Brancas (Ribadeo) a Cabo San Cibrao, de punta Roncadoira (Xove) a punta Camero (Vicedo), Ría de Ortigueira, De punta Ardillosa (Cedeira) a cabo Prioriño Grande (Ferrol), Ría de Ferrol e Ares-Betanzos, Ría da Coruña, de punta San Pedro (A Coruña) a punta Insua (Caión) , de Punta Nariga (Malpica) a cabo San Adrián (Malpica), de punta Roncudo a punta Laxe, de punta Laxe (Laxe) a cabo Vilán, Ría de Camariñas, de punta da Barca (Muxia) a Cabo Touriñán , De Cabo Fisterra a punta Lens (Muros), de punta Lens a punta Uhia, de punta Sagrada(Porto do Son) a Punta Couso (Aguíño), de punta Couso a punta Bodión, de punta Quintáns (Bamio) a Punta das Sinas (Vilagarcia), Illa de Arousa, de Punta Agueira (O Grove) a punta Pereiró (Vilalonga), de Punta Río Seco (Domaio) a punta Moa (Marín), de punta do Boi (Baiona) a Punta dos Picos (A Guarda)	180	De xaneiro a decembro	Instalacións da empresa
PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
M ^a Carmen Sanchez Sanchez	A pé	Intermareal de punta Uhia a punta Remedios	140	De marzo a setembro	Punta Uhía, Esteiro, porto de Esteiro, Raimúndez, Cabanas
C.P. A Coruña e Sada (plan conxunto)	MSAS	De punta Langosteira a Cabo Prioriño	50	De marzo a agosto	Portos de Suevos, Portiño, A Coruña, Lorbé, Sada e Ares

CADRO E: PLANS DE XESTIÓN DE ALGAS

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Camelle	MA MSAS	De punta Morelo a punta Gallada	30	De maio a setembro	Peiraos de Camelle, da Lagoa e de Rios
C.P. Corcubión	A pé	Dende punta Arnela ata a desembocadura do río Xallas	72	De xaneiro a decembro	Lonxa de Corcubión
C. P. Fisterra	MA MSAS	Dende a praia de Rostro a Punta Arnela	60	De abril a xullo	Porto de Sardiñeiro, porto de Fisterra, lonxa de Fisterra
C.P. Muros	MA MSAS	Submareal rochoso entre punta Ínsua e punta Uhía.	35	De febreiro a outubro	Lonxas de Muros e Esteiro
C.P O Pindo	A pé	Da desembocadura do río Xallas á desembocadura do río Larada e pedras da costa, e intermareal rochoso entre punta Arnela e Cabo Fisterra	60	De maio a setembro	Porto de Quilmas, Insuela, Punta Caldebarcos
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Illa de Arousa	MA MSAS	De punta Salinas a punta Quilma, Areoso, Camallón, de punta Testos a punta Campelo e de punta Aguiúncho a punta Furado	85	De febreiro a setembro	Areoso, Con Cerrado, Arnela, Roncadeiras, O Bao e Lonxa da Illa
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelludas a punta dos Picos	32	De xaneiro a decembro	Lonxa da Guarda e peirao de Santa María de Oia
C.P. A Guarda	MA MSAS	De punta Orelludas a punta dos Picos (zona marítima)	60	De xaneiro a decembro	Lonxa da Guarda e peirao de Santa María de Oia
C.P. Aldán-Hío	MA MSAS	De punta Couso a punta Preguntoiro, cara ao interior da ría	50	De febreiro a xullo	Lonxa de Aldán
C.P. Baiona	A pé MSAS	De punta Orelludas á praia de Abra (excluída)	60	De xaneiro a decembro	A pé: Salgueira, porto do Castro e Pedra Rubia A flote: Lonxa de Baiona, e embarcación vixilancia

CADRO E: PLANS DE XESTIÓN DE ALGAS

PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Bueu, Lourizán, Marín, Pontevedra, Raxó, Portonovo, Sanxenxo (plan conxunto)	MSAS	Interior das liñas imaxinarias de punta Faxilda a punta Centolo, de punta Galera a punta Couso e de punta Couso a punta Preguntoiro. Cara oeste das illas Ons e Onza	147	De marzo a setembro	Lonxas de Bueu, Campelo, Marín e Portonovo
C.P. Cangas	MSAS	De praia Canabal a punta Couso e illas Cíes	143	De xaneiro a setembro	Por terra: Rampa de descarga do porto de Cangas e lonxa de Cangas. Por mar: zona de traballo. Faro Borneira, Pedra Cantareira e praia de San Martiño
C.P. O Grove	MSAS	De Cantareira a punta Carreiro, de punta Carreiro a Barrosa, de Barrosa a Raeiros e de Capilla a punta Faxilda.	60	De febreiro a xullo	Lonxa o Grove, porto de San Vicente e porto de Meloxo
C.P. Vigo	MA MSAS A Pé	De punta de Alcabre a praia de Abra (excluída) e de punta Lagoa a praia de Arealonga (excluída)	40	De xaneiro a decembro	Zona de traballo, lonxas de Canido e Berbés

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministro de aire dende superficie

CADRO F: PLANS DE XESTIÓN DE ANEMONE (*Anemonia sulcata*)

PROVINCIA DA CORUÑA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Coruña e Barallobre (plan conxunto)	MSAS	De punta Langosteira a punta Miranda	40	De maio a decembro	Zona 1: porto de Mera Zonas 2 e 3: porto de Lorbé
C.P. Ferrol	MSAS	De punta San Carlos a punta Frouxeira	100	De maio a decembro.	Peirao de Ferrol
PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. A Guarda	A pé	De punta Orelluda a Punta dos Picos	60	Xaneiro, febreiro e de xuño a decembro	Horizonte, Oia, lonxa A Guarda
C.P. Aldán	MA MSAS	De punta Couso a Punta Niño do Corvo cara ao interior da ría de Aldán	60	Xaneiro a marzo e de xuño a decembro	Embarcación de vixilancia e lonxa de Aldán
C.P. A Illa de Arousa	MA MSAS	De Sapeiras de Terra ata punta Salinas, punta Testos, punta Niño do Corvo, Area Secada e punta Cabalo	44	Xaneiro e febreiro, de xullo a decembro	O Bao, Areoso, Arnela, Roncadeiras e lonxa da Illa de Arousa
C.P. Baiona	A pé MA MSAS	De punta Orelluda a punta Santa Marta; dende a desembocadura do río Miñor ata a praia de Portocelo.	30 a pé e 45 M	De xuño a decembro, cunha veda nos meses de marzo e abril.	Zona de traballo, peirao e lonxa de Baiona
C.P. Cangas	MA MSAS	De punta Balea ao extremo leste da praia de Liméns (incluíndo o faro da Borneira e Illote Corbeiro); do extremo oeste da praia de Liméns ao extremo leste da praia de Barra; do extremo oeste da praia de Barra ata punta Robaleira; de punta Balea a punta Rodeira	135	De xaneiro a decembro, cunha veda nos meses de marzo e abril	Zonas de traballo e peirao e lonxa de Cangas
C.P. O Grove	MSAS	De punta Moreira ata punta Area das Pipas e de praia Barrosa a punta Raeiros	60	De xaneiro a decembro, cunha veda de marzo a abril	Peiraos de San Vicente de Meloxo. Lonxa do Grove

CADRO F: PLANS DE XESTIÓN DE ANEMONE (*Anemonia sulcata*)

PROVINCIA DE PONTEVEDRA					
Entidade(1)	Modalidade(2)	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Vigo	MA MSAS	De punta Alcabre a praia de Abra (excluída). De punta Lagoa a praia de Arealonga (excluída)	60	De xaneiro a decembro cunha veda de dous meses consecutivos entre marzo e xuño	Zona de traballo, lonxa de Canido e lonxa de Vigo

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministro de aire dende superficie

CADRO G: PLANS DE XESTIÓN DE POLIQUETOS

PROVINCIA DE LUGO						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. San Cosme	A pé	Am	Bancos de Fondás e O Taro	80	De xaneiro a decembro	Fondás, O Taro e Esteiro
PROVINCIA DA CORUÑA						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
A.M. Fonte de Santa Helena de Baldaio	A pé	Am	Lagoa externa de Baldaio	80	De xaneiro a decembro	Fonte de Santa Helena
C.P. A Coruña	A pé MA MSAS	Am Li	Pedra do Sal; Leira (campo de Fútbol); Leira; Leira, (entre Leira e Caión); Caión (praia da Salseira); Barrañán (o Relojero); Balcobo Pequeno (praia de Balcobo Pequeno ata Pedra Herba); Ripibello; Os Castelos; Praia de Sabón (A Térmica); Suevos (porto de Suevos ata a fábrica Artabra); Bens (praia da Refinería); Bens (illa Redonda); O Portiño; Riazor/Orzan; San Amaro; Bastiagueiro Pequeno	155	De xaneiro a decembro	Zona de Suevos-fábrica Artabra
C.P. Camelle, Corme, Laxe e Malpica (plan conxunto)	A pé MA MSAS	Li	De punta Gallada ás lagoas de Baldaio (excluídas) agás as praias de Laxe, as illas Sisargas	170	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo e peiraos de Corme, Camelle, Malpica e Laxe
C.P. Corcubión	A pé	Am Hd Dn	De punta Arnela á desembocadura do río Xallas	25	De marzo a outubro	Peirao de Corcubión
C.P. Ferrol	MSAS	Am Hd Li	Dende a ponte do tren ata o faro de punta Frouxeira	100	De xuño a outubro	Zonas de traballo e peirao de Ferrol
C.P. Lira	A pé	Li Hd Am	Da desembocadura do río Larada ata punta Ínsua. Excepto as praias de Cons, Larpa, Gavota, Ximprón Susiños e Surreseco	130	De xaneiro a decembro	Peirao de Lira

CADRO G: PLANS DE XESTIÓN DE POLIQUETOS

PROVINCIA DA CORUÑA						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Lira	MSAS	Li	Da desembocadura do río Larada a punta Insua	70	De abril a outubro	Peirao de Lira
C.P. Miño	A pé	Am Hd Li Dn	Souto, Lombo de Castelo de Souto, río Láncara, Salinas, río Muerto, Lombo do Castelo do Pedrido, punta praia Xúrela, praia pequena de Miño (Cebado), praia pequena de Miño (Couce), Lombo de Espiñeira, Ponte do Porco, final praia Grande, Seixas e río Bañobre	140	De xaneiro a decembro	Porto-praia pequena de Miño
C.P. Muros	MA MSAS	Am Hd Li	De punta Insua a punta Uhía	150	De xaneiro a decembro	Faro de Monte Louro, Acoradoiro, peirao de Muros e peirao de Esteiro
C.P. O Pindo	A pé	Am Dn Hd Li	Praia de San Pedro, de punta do Portiño a praia de Cornabecerra; entre as Pedras Mariñas e punta Caldebarcos, praias de Area Branca, Lires, O Rostro, Mar de Fóra e Arnela; praias de Cons e Larpa, Gavota, Ximprón, Susiños e Surreseco	195	De xaneiro a decembro	Porto do Pindo, praia do Rostro e Porto de Portocubelo
C.P. Porto do Son	A pé	Am Dn Hd Li	De punta Cabeiro a punta Magrío; de punta Castro a río Sieira	135	De xaneiro a decembro	Praia de Cabeiro, peirao de Porto do Son, praia Arnela, praia de Arealonga, Porcalleira e río Sieira.
C.P. Porto do Son	MA MSAS	Am Dn Hd Li	De punta Cabeiro a punta Magrío; de punta Castro a río Sieira	135	De xaneiro a decembro	Peirao de Porto do Son

CADRO G: PLANS DE XESTIÓN DE POLIQUETOS

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Entidade ⁽¹⁾	Modalidade ⁽²⁾	Especies ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Cambados	A pé	Am Dn Hd	Saco de Fefiñáns, Pantalán, Fefiñáns; O Varal, Bebedeiros, Medio do Sarrido; Illeira e de punta Tragrove a rego do Alcalde	180	De xaneiro a decembro	Galpón de Ribeira da Mouta
C.P. Cangas	MA MSAS	Am Dn Hd Li	De praia do Sinal a punta Vixía	80	De xaneiro a decembro	Zona de traballo e rampa da lonxa de Cangas
C.P. O Grove	A pé	Am Dn Hd Li	Meloxo (de peirao de Meloxo a praia Lavandeira), Ardía (entre punta Antarde e as Morrasas) e Vilalonga-Dena-Castrelo (entre punta Fianteira e punta de Couto de Abaixo, de punta Faxilda e punta Colmado, entre punta San Vicente e o porto deportivo de Pedras Negras, entre Con do Caverna e punta das Pozas	180	De xaneiro a decembro	Zonas de traballo e instalacións da confraría
C.P. Portonovo	A pé	Li	Praia Fagilda (ou Pociñas); praia de Prageira; praia de Bascuas; praia de Montalvo; praia Canelas	168	De xaneiro a decembro	Instalacións da confraría e praia de Bascuas
C.P. Redondela	A pé	Dn Hd	A Portela (de Punta Monte Gordo a Punta do Socorro) e praia de Barra.	150	De xaneiro a decembro	A Portela e instalacións da confraría
C.P. Sanxenxo	A pé	Li	Praias de Pampaido, Area da Adra, das Areas, de Nanín, de Barreiro, de Carabuxeira e de Silgar.	96	De xaneiro a decembro	Nas zonas de extracción
C.P. Vigo	A pé	Am Dn Hd	Bancos intermareais entre o puntal da Serra e praia de Arealonga (excluída)	100	De marzo a decembro	Zonas de traballo e lonxas de Canido e Vigo
C.P. Vilaboa	A pé	Am Dn Hd	Cabalo, Deilán, Río Maior, San Adrián (norte)	50	De xaneiro a decembro	Peirao de Santa Cristina de Cobres
C.P. Vilanova	MA	Dn	As Sinas, Con Grande, Carballas, Negrenlas	108	De xaneiro a decembro	Embarcación na zona de traballo e lonxa da confraría

(1) Entidade		(2) Modalidade	
Abreviatura		Abreviatura	
A.M	Asociación de mariscadoras	MA	Mergullo en apnea
C.P.	Confraría de pescadores	MSAS	Mergullo con subministro de aire dende superficie

(3) Especies:

Abreviatura	Nome científico	Nome común
Am	<i>Arenicola marina</i>	Mangón, miñoca de area
Dn	<i>Diopatra neapolitana</i>	Miñoca de tubo, casulo
Hd	<i>Hediste diversicolor</i>	Miñoca,
Li	<i>Lumbrineris impatiens</i>	Gavilán